

Actividades interactivas


- Ler o contido das Unidades [“A Península Ibérica na Idade Media”](#) e [“Arte e Cultura na Idade Media”](#)
- Elaborar as actividades interactivas e os Desafíos das unidades “A Península Ibérica na Idade Media” ([actividades](#) e [desafío](#)) e “Arte e Cultura na Idade Media” ([actividades](#) e [desafío](#))
- Unha vez elaboradas debes enviar captura de pantalla da autoavaliación ao email xfmaneiro@gmail.com, indicando no asunto:

2ºESO a ou B, Nome completo , Actividades ou Desafío, Unidade: Peninsula Iberica ou Arte


Elaborar unha liña do tempo

As Indicacións básicas son as seguintes:

- Escala: 10 cm = 100 anos
- Utilizaremos dous A3 pegados en horizontal
- Como na imaxe seguinte, facemos tres liñas de 1 -2 cms de grosor.



- A tres liñas teñen a mesma lonxitude e nela poñedes as datas onde corresponda. Para ter unha guía deberíades separar os séculos polos anos 700 , 800 ,900 , 1000 ... Este pode ser un modelo:



- Unha vez elaborada a liña do tempo debedes enviar unha foto da liña do tempo ao email xfmaneiro@gmail.com, indicando no asunto:

2ºESO a ou B, Nome completo , Liña do tempo, Unidade: Península Iberica ou Arte

Localizamos nesas liñas as seguintes datas, acontecementos e personaxes, acompañados das imaxes que consideres oportunas:

Primeira liña (superior): Al-Andalus

Dividimos esta liña nas seguintes etapas con diferentes cores:

1ª etapa: 711-756: A Conquista: o Emirato dependente.

711 - Batalla de Guadalete.

722 - Batalla de Covadonga

732 - Batalla de Poitiers

Personaxes desta etapa: Don Rodrigo / Tarik, caudillo musulmán

2ª etapa: 756 – 929: Emirato independente.

Personaxe: Abderramán I

3ª etapa: 929 – 1031: Califato de Córdoba.

Personaxe: Abderramán III (912-929) / Almanzor (997 ataca Santiago)

4ª etapa: 1031 – 1085: Reinos de Taifas.

1085 – 1212: Almorábides e Almohades.

1086: Almorábides

1147: Almohades

1212: Batalla das navas de Tolosa

5ª etapa: 1212 – 1492 : Reino Nazarí de Granada.

1492: Os Reis católicos conquistan Granada

Personaxe: Bobdil, último rei nazarí

Segunda liña (medio) Reinos Occidentais

722. Batalla de Covadonga (Personaxe: Pelaio)

910: García, rei de Galicia, León e Castela

Século X: o Conde Fernán González independeixza castela de León.

1035: Fernando I Rei de Castela

1143: Nace o reino de Portugal (Rei Afonso Henriques)

1230: Coroa de Castela (Fernando III unifica os territorios de León e Castela)

Reis de Galicia:

Ordoño III, rei de Galicia (910-14)

Sancho Ordóñez (926-929)

Bermudo II (982)

García (1065 – 72)

Afonso Reimúndez (1111 – 1126)

3ª liña (inferior) Reinos Orientais

Finais Século VIII: Carlomagno crea a Marca Hispánica

810: Reino de Navarra

1035: Reino de Aragón

988: Condados cataláns

1137: Coroa de Aragón (casan Petronila de Aragón e o Conde de Barcelona, Ramón Berenguer IV)

Datas finais Reinos occidentais e reinos orientais

Seguindo o exemplo da imaxe, localizamos ao final das liñas as seguintes datas:



1479: Unión Coroas de Castela e Aragón, co casamento de Sabela de Castela e fernando de Aragón

1492: Conquista de Granada / Expulsión dos xudeos de España / Descubremento de América

1512: O reino de Navarra incorpórase á Coroa castelá-aragonesa


Elaboramos a liña do tempo.

Debuxamos a liña/s (ou barra/s) e imos escribindo os **fitos** (datas, personaxes, acontecementos, etapas ...), os **textos** que correspondan (breves no caso da liña persoal) e as **imaxes**. Propoñemos algúns consellos:

- Os **anos** escríbense **con números arábigos** (1.235, 567 ...) e **os séculos en números romanos** (s VI, s XII) De haber dúbida poñemos a.C. (antes de Cristo) ou d.C. (despois de Cristo)
- A cada liña e incluso etapa dámoslle distinta **cor**.
- Podemos inserir **a información de xeito horizontal, vertical, diagonal, na parte superior e inferior** (p.ex. Reinos Occidentais arriba e Orientais abaixo) **ou con marcos** unidos cunha frecha á barra. Combinando as diferentes formas, aproveitamos mellor o espazo e así a liña do tempo será máis clara e didáctica:



- Incorporamos **debuxos, mapas e imaxes ilustrativas**.
- Pode que nos atopemos con que hai etapas concretas da liña que poden ter moitos fitos xuntos e que nos quedan demasiado “apertados” Neste caso, e co obxectivo de clarificar a liña, podemos facer outra liña por debaixo ou por riba que use outra escala, unindo o principio e final das dúas liñas con frechas. Tal como así:



- Tamén pode ocorrer que haxa unha etapa demasiado longa, con poucos fitos e desvirtúe dalgunha maneira a comprensión xeral da liña. Neste caso podemos “cortar” a etapa do seguinte xeito:

